O PP de Ames esixe explicacións tras quedar deserta a licitación da Telleira e do complexo deportivo do Milladoiro

Os populares denuncian os atrasos acumulados desde 2022, reclaman garantir a continuidade da Telleira e defenden a nova piscina do Milladoiro como unha prioridade

Ames, a 17 de novembro de 2026. O Grupo Municipal do Partido Popular de Ames esixe explicacións ao goberno local despois de que ningunha empresa presentase oferta á licitación conxunta para a ampliación da piscina da Telleira e a construción do novo complexo deportivo do Milladoiro.

Para o PP, esta situación é o resultado de anos de atrasos, cambios e falta de previsión por parte do goberno municipal. Os populares lembran que o proxecto da nova instalación do Milladoiro comezou a tramitarse en 2022 e que, desde entón, foron acumulándose demoras que impediron que unha infraestrutura demandada polos veciños sexa hoxe unha realidade.

"*Levamos desde 2022 esperando pola piscina do Milladoiro. Foron anos de atrasos e de inacción por parte do goberno, e agora chegamos ao punto de que unha licitación que pretendía resolver o futuro de dúas instalacións queda deserta*", denuncia a voceira do PP de Ames, Oliva Agra.

Os populares lembran ademais que xa advertiron no mes de xuño do risco para a continuidade da Telleira e propuxeron a creación dun contrato ponte que permitise garantir o servizo mentres se resolvía o futuro da instalación. A proposta foi rexeitada polo goberno socialista.

O PP reclama agora que se garanta que a Telleira non peche nin un só día, dando seguridade aos usuarios e ao persoal, e que o goberno explique con claridade cal será a solución unha vez remate a actual prórroga.

Ao mesmo tempo, os populares queren deixar claro que a nova piscina e o complexo deportivo do Milladoiro son unha prioridade para o PP de Ames e que non van aceptar que o proxecto quede paralizado indefinidamente.

"*A piscina do Milladoiro é unha prioridade para nós. Milladoiro leva demasiado tempo esperando e non podemos permitir que despois de catro anos de atrasos o proxecto volva quedar bloqueado. Se os pregos ou o modelo económico non funcionan, o goberno debe modificalos e buscar unha solución que permita que a obra saia adiante*", sinala Agra.

O PP reclama, polo tanto, unha folla de ruta inmediata, con prazos concretos, tanto para garantir a continuidade da Telleira como para desbloquear definitivamente a construción do complexo deportivo do Milladoiro.

"*O que pedimos é moi sinxelo: que a Telleira siga aberta e que a piscina do Milladoiro se constrúa. Os veciños de Ames non poden seguir pagando as consecuencias da falta de previsión e da inacción do goberno*", conclúe a voceira popular.